



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

EXPEDIENTE N.º: 2010/2002 (5 lotes)

OBXECTO DO CONTRATO: Contratación de mantemento de aparellos elevadores

CENTRO DE GASTO: Xerencia

CENTRO/DEPARTAMENTO/SERVIZO: Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamento

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Obxecto do contrato

O presente contrato ten por obxecto a definición das operacións e traballos a realizar para o mantemento, tanto preventivo coma correctivo, dos aparellos elevadores da Universidade da Coruña (UDC) nos seus distintos Campus, dividido en cinco lotes (segundo o **ANEXO** que se acompaña) e na modalidade de todo risco, que incluírá a reparación ou reposición de materiais.

Actuacións iniciais

O contratista realizará dentro do mes seguinte á firma do contrato, unha inspección xeral do estado dos aparellos elevadores, elaborando un informe que remitirá no prazo máximo de 5 días hábiles seguintes á finalización do citado mes, no que informará das anomalías nos aparellos elevadores, así como da posta ao día das novas medidas de seguridade legais.

Mantemento preventivo

O mantemento preventivo consistirá no conxunto de traballos e tarefas planificadas de revisións periódicas dos distintos elementos dos aparellos elevadores e na reposición dos elementos suxeitos a desgaste, co fin de lograr un óptimo funcionamento dos ascensores.

As devanditas revisións serán mensuais e consistirán, no seguinte, segundo o tipo de aparellos elevadores:

1.- Aparellos elevadores eléctricos

Cabina:

- Estado da cabina e os seus compoñentes
- Comprobación da existencia de cartel de inspeccións periódicas e código do aparello
- Comprobación de interruptores de mando e sinalización
- Comprobación de arranque, parada e nivelación
- Apertura, reapertura e peche de portas (células fotoeléctricas, bordo de seguridade, cortina luminosa, etc.)
- Comprobación do indicador de posición
- Observación de folguras entre as guías e os paramentos
- Comprobación de dispositivo telefónico de petición de socorro
- Comprobación de equipo autónomo de emerxencia en caso de corte da alimentación eléctrica (alarma, luz de emerxencia e baterías)
- Comprobación das luminarias principais de cabina

Cuarto de máquinas e poleas:

- Comprobar os niveis de aceite, motor, máquina e fugas



- Comprobar estado da máquina e as súas compoñentes (folgura motor-reductor-polea, suxeición de bancada, freo e polea de desvío)
- Estado dos cables de tracción
- Observar o funcionamento do limitador, o seu engraxe, conexión do contacto, cable e precinto
- Observar o estado xeral do cadro de manobra
-

Comprobacións en plantas:

- Comprobar os interruptores e a sinalización
- Estado dos axexadoiros e cristais
- Observar a apertura e peche das portas
- Comprobación dos encravamentos eléctricos/mecánicos das portas

Oco do ascensor:

- Comprobación dos cables de tracción e amarres
- Estado do teito da cabina e os seus compoñentes de cabina
- Engraxe das guías en caso de que fose necesario, comprobación do nivel de engraxadores, fixacións, empalmes de guías e iluminación do oco
- Comprobación do contrapeso, rozaderas e amarre de cables
- Accionamento manual da panca de acuíñamento en suba
- Comprobación dispositivo electrónico de petición de socorro

Foso:

- Estado xeral, limpeza, humidades, filtracións de auga, etc
- Comprobar se existe alongamento dos cables de tracción
- Comprobar funcionamento da polea tensora do limitador, contacto e engraxe
- Comprobación do estado dos amortecedores e topes
- Observar rozaderas inferiores
- Estado e suxeición do cordón de manobra
- Estado e suxeición da cadea ou cable de compensación
- Accionamento manual da panca de acuíñamento de baixada
- Estado e conexión de finais de percorrido e interruptor de corte
- Comprobación de dispositivo telefónico de petición de socorro

2.- Aparellos elevadores hidráulicos

Cabina:

- Estado da cabina e os seus compoñentes
- Comprobación da existencia de cartel de inspeccións periódicas e código do aparello
- Comprobación de interruptores de mando e sinalización
- Comprobación de arranque, parada e nivelación
- Aperturas, reaperturas e peche de portas (células fotoeléctricas, bordo de seguridade, cortina luminosa, etc)
- Comprobación do indicador de posición
- Observación de folgas entre as guías e os paramentos
- Comprobación de dispositivo telefónico de petición de socorro
- Comprobación de equipo autónomo de emerxencia en caso de corte da alimentación eléctrica (alarma, luz de emerxencia e baterías)
- Comprobación das luminarias principais de cabina

9



Cuarto de máquinas e poleas:

- Comprobar os niveis de aceite, central hidráulica con cabina en última planta
- Estado de unións, tubos e mangueras
- Observar o funcionamento de chave de paso e manómetro de presión
- Observar o funcionamento do bloque de válvulas, perdas de aceite, fixación e descarga de emerxencia
- Observar o funcionamento do motor, bomba, ruídos e temperatura
- Observar o estado xeral do cadro de manobra

Comprobacións en plantas:

- Comprobar os interruptores e a sinalización
- Estado dos axexadoiros e cristais
- Observar a apertura e peche das portas
- Comprobación dos encravamentos eléctricos/mecánicos das portas

Oco do ascensor:

- Comprobación dos cables de tracción e amarres
- Estado do teito da cabina e os seus compoñentes de cabina
- Engraxe das guías en caso de que fose necesario, comprobación do nivel de engraxadores, fixacións, empalmes de guías e iluminación do oco
- Observar a fixación e funcionamento do limitador de velocidade e estado do cable ou dispositivo de acuíñamento por rotura de cables
- Estado do pistón, limpeza, suxeición, perdas de aceite, guiado e funcionamento
- Comprobación dispositivo electrónico de petición de socorro

Foso:

- Estado xeral, limpeza, humidades, filtracións de auga, etc
- Comprobar que o depósito de recuperación de perda de aceite non excedan dos 4 litros ao mes en equipos de gran tráfico
- Comprobar funcionamento da polea tensora do limitador, contacto e engraxe.
- Comprobación do estado dos amortecedores e topes
- Observar rozaderas inferiores
- Estado e suxeición do cordón de manobra
- Estado das conducións, retrousos, unións, fugas de aceite, etc.
- Accionamento manual da panca de acuíñamento de baixada
- Estado e conexión de finais de percorrido e interruptor de corte
- Comprobación de dispositivo telefónico de petición de socorro

Así mesmo, respectaranse todas as revisións incluídas no Regulamento de Aparellos Elevadores e a normativa existente.

Mantemento correctivo

O mantemento correctivo consistirá no conxunto de traballos dedicados á reparación dos aparellos elevadores que xurdan de forma non planificada, como pode ser o desgaste do material, mal funcionamento, manipulación indebida, etc.

O adxudicatario deberá poñer atención inmediata a todos os avisos de emerxencias que se produzan nos aparellos elevadores, debendo de ser o servizo permanente.



Execución do servizo

Atenderanse as chamadas que por avaría da instalación se reciban mediante un servizo permanente:

- As urxencias (sempre que haxa persoas involucradas) serán de atención inmediata.
- As avarías que deixen o aparello elevador sen servizo, reparásense na maior brevidade posible. Se por avaría queda fóra de servizo un aparello, pero hai outro que pode realizar a súa misión, atenderanse no prazo máximo de 24 horas.

Se pola consecuencia dunha prestación do servizo é necesario realizar unha reparación, pero os traballos non están comprendidos dentro das especificacións do prego, o adxudicatario non procederá a realizala ata ter a conformidade da UDC.

Entenderanse incluídos no presente contrato todos os gastos polos conceptos de libros de visitas, man de obra, medios auxiliares, desprazamentos, permisos... como consecuencia das reparacións ou substitucións efectuadas.

Os contratistas están obrigados a cumprir a normativa de Prevención de Riscos Laborais mediante a elaboración e implantación dun plan de Prevención e Saúde Laboral específico con avaliación de riscos individualizada por traballador para os servizos de conservación e mantemento de aparellos elevadores.

Os contratistas deberán prestar aos Organismos Oficiais e ás Entidades de Inspección e control autorizadas, a asistencia necesaria nas visitas ás instalacións con motivo das inspeccións periódicas oficiais.

O contratista deberá instruír aos conserxes/auxiliares de servizo sobre os cometidos que teñen asignados pola lexislación vixente, e das obrigas que na mesma se establecen, como a de prohibir o funcionamento dos equipos cando o seu uso non ofrezca as debidas garantías de seguridade.

O contratista deberá indemnizar á propiedade de todos os danos ocasionados polo mal mantemento dos aparellos, previamente valorados.

VALOR ESTIMADO (IVE excluído): 478.500,00 €

IMPORTE IVE (18 %) : 86.130,00 €

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 564.630,00 €

A Coruña, 2 de xuño de 2010

Arquitecto Técnico

Asdo. Gabriel Pita da Veiga Vázquez

**Xefe do Servizo de Arquitectura V. e pr. O xerente.
Urbanismo Equipamentos**

Asdo. Roi Salgueiro Barrio

Asdo. Mª Jesús Grella Barreiro